

# **MANIFESTO DO IES XELMÍREZ I CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA**

Ante a violencia exercida contra as mulleres, o IES Xelmírez 1 non pode nin quere permanecer impasible. Para toda a comunidade escolar, a igualdade entre mulleres e homes debe ser un principio fundamental. Queremos amosar neste día, e no resto dos días, o noso rexeitamento da violencia, de todo tipo de violencia.

No ano 1999 a ONU deu carácter oficial á data de 25 de novembro para chamar a atención e xerar concienciación de que a violencia contra a muller é unha das formas de violencia máis estendida no mundo e de especial crueldade, xa que se ceba sobre quen máis se ocupan de coidar a vida das persoas.

O silencio non debe ser nunca unha resposta, nin para a vítima da violencia, nin para quen convive con quen sofre, non debemos ser cómplices disto.

O asasinato maior que sofren a diario as nosas mulleres é o silencio dunha gran maioría da nosa sociedade.

A violencia non é cousa so do home que a exerce, tamén de todos e todas que a desculpan ou silencian.

Hai una responsabilidade compartida por todos na violencia exercida contra as mulleres. Cidadáns e institucións son culpables das mortes, no que levamos de ano, de corenta mulleres.

Dende a nosa carraxe, dende a nosa repugnancia, chamamos as mulleres maltratadas a denunciar, xa non no voso propio nome, senón no das vosas fillas e fillos, porque elas e eles tamén sofren.

Hai que esixir ás forzas políticas maior implicación na loita contra a lacra da violencia machista. E tamén hai que esixir maior implicación a cada individuo.

Creemos necesario que aumenten os recursos, que se viñeron recortando nos últimos anos, destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero.

Hai que esixir que os medios de comunicación fagan un tratamento adecuado dos casos de violencia contra as mulleres, que se evite o sensacionalismo e se empregue unha linguaxe e unhas imaxes non sexistas.

O número de denuncias é insuficiente. Só se denuncia o 30% da violencia de xénero polo que o 70% queda impune. Hai que loitar contra esa impunidade e conseguir que as vítimas teñan confianza na xustiza.

Hai que esixir á xustiza que se tomen medidas severas contra os violentos e asesinos machistas.

Hai que esixir que as mulleres maltratadas estean protexidas e que non teman perder aos seus fillos e fillas, que non teman saír elas denunciadas e que non teman comezar un camiño sen saída.

Se non rompemos os ciclos, a violencia de xénero pasará de xeración en xeración, polo hai que previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.